



IMPACTO DA TECNOLOXÍA NA ADOLESCENCIA. CLAVES PARA EDUCAR NA ERA DIXITAL: Martes 30 de maio (18h a 20h)

CEIP Plurilingüe Froebel (Pontevedra)

RESUMO:

A loita contra as chamadas *adiccións sen substancia* constitúe un dos grandes desafíos da sociedade actual, non só a nivel educativo e sociosanitario, senón mesmo a nivel vital.

Nas últimas décadas a sociedade tentou ir adaptándose progresivamente ao universo de oportunidades que o vertixinoso desenvolvemento tecnolóxico puxo ao seu alcance. Dotar tecnolóxicamente aos centros educativos e integrar a tecnoloxía na actividade docente supuxo un reto no que, en maior ou menor medida, fomos capaces de avanzar, pero integrar a tecnoloxía na vida cotiá de nenas e nenos é un obxectivo que está lonxe aínda de se acadar. Máis ben o uso das TRIC (*Tecnoloxías das Relacións, a Información e a Comunicación*), trouxo consigo serios problemas a nivel emocional e de convivencia, especialmente nun período vital tan crítico como é a adolescencia.

Tal e como veñen advertindo organismos como a OMS, a UNESCO ou mesmo UNICEF, **o uso intensivo e sen supervisión das redes sociais ou os videoxogos pode ter graves consecuencias**, derivando en maiores taxas de ansiedade e depresión, hábitos de vida menos saudables, un aumento das taxas de acoso escolar e ciberacoso, ou mesmo de violencia filioparental.

Desgraciadamente a evidencia científica disponible non leva a que sexamos neutrais. O uso da tecnoloxía non é inocuo na adolescencia. Cando implica novos patróns de interacción e novas formas de relacionarse (a miúdo tóxicas e superficiais), novos modelos aspiracionais e novas formas de entender a vida, chega a converterse nun serio serio problema, un problema de saúde pública. *A tiranía do selfie* e *o imperio de Instagram*, o *boom* dos *gamers*, *youtubers* e *influencers* dificulta ser quen de inculcarlles aos nosos fillos a cultura do esforzo e unha serie de valores básicos para o seu desenvolvemento como persoas. **Adquirir conciencia, tomar partido, empoderar e orientar a nais e pais é unha tarefa obrigada**, ao igual que tamén o é sensibilizar e corresponsabilizar ás institucións.

Na charla-coloquio do vindeiro día 30 de maio o profesor Antonio Rial Boubeta (da Universidade de Santiago) exporá datos reveladores a este respecto e reflexionará cos asistentes sobre este novo problema. Asemade, propoñerá algunhas claves e ferramentas para poder afrontalo no día a día.



ANTONIO RIAL BOUBETA



Doutor en Psicología, Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela e Director Técnico da Unidade de Psicología do Consumidor. Autor de mais de 140 artigos en revistas científicas de impacto internacional, director de 21 teses de doutoramento e responsable de numerosos

proxectos de investigación do eido da mocidade, dende o uso problemático de Internet, as redes sociais o *ciberbullying*, ao consumo de alcohol.

En 2014 foi coordinador do estudio "*Mocidade On Line*", cuxos resultados foron publicados en revistas de internacionais de máximo nivel, como *Cyberpsychology* ou *Computers in Human Behavior*.

Dirixiu en 2019 un dos maiores estudos realizados en España sobre o problema do Xogo en menores, publicado no *Journal of Gambling Studies*. É coautor do libro "*Adolescentes y Nuevas Tecnologías: una responsabilidad compartida*", así como do libro "*Entre selfies y whatsapps. Oportunidades y riesgos para la infancia y la adolescencia conectada*", elaborado xunto a expertos europeos do proxecto *EU Kids Online*.

É colaborador habitual de diferentes medios de comunicación, tanto prensa, como radio e TV. Foi o encargado de elaborar o material docente do curso de formación que actualmente ten o Consejo General de la Psicología de España sobre o Uso Problemático de Internet na adolescencia; docente tamén no curso de Adicións Tecnolóxicas, da Consellería de Sanidade, no que cada ano se forman psiquiatras, pediatras e psicólogos; no Curso de Prevención, Detección e tratamento do Acoso Escolar e o Ciberacoso, da Consellería de Educación, para mestres e orientadores de toda Galicia; así como de diferentes cursos da Academia Galega de Seguridade Pública, para as Forzas e Corpos de Seguridade.

É tamén investigador do *Anti-Bullying Research and Resource Centre* (Dublin City University) e membro do Alto Comisionado da UNESCO para a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso. Ven de dirixir un proxecto de investigación do Plan Nacional sobre Drogas para a detección e intervención precoz nas adicións con e sen substancia en adolescentes e o *Estudio sobre o impacto da tecnoloxía na adolescencia*, levado a cabo por UNICEF cunha mostra de mais de 50.000 estudantes de secundaria, que é a día de hoxe un dos traballos científicos de maior envergadura feitos en Europa sobre o tema.



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE FROEBEL



O curso pasado dirixiu o estudio Adolescencia, Tecnología, salud y Convivencia, da man da Fundación Barrié, na que participaron máis de 10.000 adolescentes galegos. O pasado ano foi galardoado coa Nécora de Ouro da Fundación Galega contra o Narcotráfico (polo seu labor en favor da prevención das adiccións na mocidade), en febreiro co Premio Iacobus da Educación e fai tan só unhas semanas coa distinción de Colexiado do Ano polo Colexio Oficial da Psicoloxía de Galicia.